



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



CFR
FERROL centro de
formación e recursos


Formación inicial para o acceso á función directiva

Programa de Alerta Escolar

Relator: Carlos M^a Agrasar Cruz
Departamento de Medicina
Universidade da Coruña

3 de decembro de 2012

Programa "Alerta Escolar"



O teu fillo ou a túa filla
comeza agora na escola?

Ten algunha destas patoloxías?

1. Alerxia a algún alimento.
2. Epilepsia.
3. Diabetes.



Non te preocupes!

Dispoñemos dun programa especial
para estes nenos e estas nenas.

Diseño: María del Mar Varela, 2007

Alerta escolar!

Alerta
escolar!

O teu fillo
ou a túa filla
comeza
agora na
escola?



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

SERGAS
SERVIZO DE SAÚDE

aviso
061

XUNTA DE GALICIA

Definición

Programa "Alerta Escolar"

Acordo de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 de modo que **o profesorado en xeral sexa capaz de recoñecer unha emerxencia médica, de realizar os xestos fundamentais para salvar as vidas dos alumnos que presenten algunhas das patoloxías para os que o referido programa foi deseñado e de alertar eficazmente á Central de Coordinación da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061**, de forma que se logre un alto nivel de eficacia e unha racional utilización dos recursos de atención ás emerxencias dispoñibles.

Obxectivos

Programa “Alerta Escolar”

Promover a cooperación e a colaboración para o desenvolvemento das iniciativas e actuacións contidas no Programa “Alerta Escolar”, así como a súa **difusión entre os pediatras da Comunidade Autónoma, o profesorado e pais/nais** ou persoas que exerzan a patria potestade ou tutela do alumnado

Achegar **atención sanitaria inmediata e eficaz a todos os escolares, de 3 a 16 anos**, que padezan patoloxías crónicas tales como epilepsia, reaccións alérxicas ou diabeite.

Potenciar que **o profesorado sexa capaz de recoñecer unha emerxencia médica**, e de **prestar unha primeira atención** para tratar as patoloxías descritas, tras alertar á Central de Coordinación de Urxencias Sanitarias 061.

Desenvolver un **plan de formación, dirixido ao persoal docente**, sobre soporte vital, reanimación cardiopulmonar básica (RCP) e uso e mantemento da botica de primeiros auxilios

Concello y Xunta implantan el programa Alerta Escolar

El programa promueve que el personal educativo de las escuelas infantiles municipales sea capaz de reconocer una situación que requiera de la actuación del 061

🕒 16:39 ⭐⭐⭐⭐⭐



Tweet 0

Recomendar 1

EFE | A CORUÑA El alcalde de A Coruña, Carlos Negreira, y la conselleira de Sanidad, Rocío Mosquera, han firmado hoy un convenio de colaboración entre Urgencias Sanitarias de Galicia-061 y el Ayuntamiento para la implantación del programa **Alerta Escolar** en la red de **escuelas infantiles municipales** de la ciudad.

Este programa promueve que el personal educativo sea capaz de reconocer una situación que requiera de la actuación del 061 con el fin de realizar los gestos fundamentales para salvar las vidas de los alumnos que presenten algunas patologías para las que el referido programa fue diseñado, y de alertar eficazmente a la central del 061.

El programa **Alerta Escolar**, consecuencia de un acuerdo entre la Consellería de Sanidad y la de Cultura, Educación y Ordenación Universitaria, y coordinado por la Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, cuenta en la actualidad con 1.608 niños inscritos.

Este programa acerca la atención sanitaria inmediata a todos los escolares, de entre 3 y 16 años, que padecen patologías crónicas como epilepsia, reacciones alérgicas o diabetes, susceptibles de descompensación en el ámbito escolar.

Además, desde el mes de octubre del pasado año, gracias a la colaboración del 061, la Consellería de Sanidad y la de Trabajo y Bienestar, se amplió esta iniciativa a los niños de 0 a 3 años de las **escuelas infantiles** que forman parte de la Red de Galiña Azul.

De común acuerdo entre las entidades participantes en el programa, se llevará a cabo un plan de formación sobre soporte vital básico, conocimientos necesarios para el desarrollo del programa de reanimación cardiopulmonar y primeros auxilios en las **escuelas municipales** del Ayuntamiento, así como sobre material, dotación básica y uso de los botiquines de primeros auxilios.

Además, tal y como establece el convenio, el Ayuntamiento de A Coruña informará del programa **Alerta Escolar** a todas las **escuelas infantiles** de su titularidad y a la comunidad educativa de las mismas.



El alcalde de A Coruña, Carlos Negreira, y la conselleira de Sanidad, Rocío Mosquera, en la firma del convenio. Carlos Pardellas

Como
entramos
no programa?

1. Informe médico: diagnóstico e recomendacións asistenciais.
2. Formulario asinado por pais/aís ou titor/es/titoras, coa declaración de conformidade de rexistro en arquivos informáticos, dos datos do neno ou da nena.
3. O centro escolar transmitirá o expediente a Uxencias Sanitarias 061.
4. Uxencias Sanitarias 061 contactará co centro para dar razón do rexistro.
5. Se é necesario a disposición no centro dalgunha especialidade farmacéutica, deberá ser achegada pola familia do neno ou da nena, rotulada co nome e renovada cada curso.



Alerta escolar!

Que facemos cando
ocorra algunha crise?

Comunicar co 061
(meillor por teléfono móbil ou sen fíos)

Facilitar o estado do neno
ou da nena:

- Consciente? Si ou non.
- Dificultade respiratoria? Si ou non.

O persoal médico do 061 realiza
indicacións, informa do recurso
mobilizado e do tempo que
tardará en chegar.

Alerta escolar!

Atención
inmediata
e
eficiente



Patoloxías incluídas no Programa

EPILEPSIA. Afección crónica que se caracteriza pola repetición de crises debidas a unha descarga excesiva nas neuronas cerebrais. A crise convulsiva é un tipo de crise epiléptica

SHOCK ANAFILÁCTICO. Síndrome clínico de hipersensibilidade grave, caracterizado por alteracións cardiovasculares e respiratorias. Sempre existe un axente desencadeante, que recibe o nome de *alerxeno*

HIPOGLICEMIA. Caracterízase pola existencia de niveis moi baixos de glucosa en sangue. Non sempre se manifesta clínicamente, e cando o fai, os síntomas desaparecen ao normalizarse a glicemia co tratamento.

Que é alerta escolar?

É un programa que quere facilitar a atención inmediata e eficiente dos nenos e das nenas escolarizados que teñen unha patoloxía crónica e poden desenvolver en calquera momento unha crise.

Cales son as ditas patoloxías?

- 1. CRISES ALÉRXICAS (ANAFILAXIA)** por exposición a alérxenos alimentarios.
- 2. CRISES COMICIAIS** (epilepsia nas súas diferentes formas).
- 3. CRISES DIABÉTICAS** (en xeral hipoglicemias).

Alerxias alimentarias

Reacción alérxica xeral por consumo de algún alimento ao que se está sensibilizado.

- Produce:
1. Comechón intensa.
 2. Urticaria.
 3. Dificultade respiratoria.
 4. Alteracións gastrointestinais: náuseas, vómitos, diarrea, dor abdominal.

**Canto máis rápido comecen os síntomas,
máis grave é o cadro.**

PODE CHEGAR A SER UNHA URXENCIA VITAL

- Tras recoñecer o cadro, o persoal médico do 061 recomendará a administración de **ADREJECT®**.
- Siga as instrucións ata que chegue o recurso.

Crises comiciais

- Comezo brusco.
- Perda da conciencia con caída ao chan.
- Rixidez de todo o corpo.
- Pequeno grufido ou grito.
- Falta de respiración e coloración azulada da cara.
- Movementos bruscos de todo o corpo.
- Espuma pola boca.
- Relaxación. Recuperación da conciencia. Non recorda nada do sucedido. Está confuso.

NON

- Suxeite o paciente durante a crise.
- Intente abrírlle a boca se a ten pechada.

SÍ

- Retire todo aquilo que o poida lesionar (cadeiras, radiadores).
- Afrouxe a roupa.
- Póñalo de lado.
- **CHAME O 061.**

Crises diabéticas

Hipoglicemia: descenso importante do nivel de azucre en sangue.

- Manifestase:**
1. Mareo, sudoración.
 2. Palidez, visión borrosa.
 3. Dor de cabeza, dor abdominal.
 4. Pódese producir perda de conciencia.

SÍ

- Administre azucre ou alimentos ricos en azucre en pacientes conscientes.
- Se non está consciente, colóquea en posición lateral.
- **CHAME O 061.**



FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN NO PROGRAMA ALERTA ESCOLAR

Denominación do centro			
Nome do/a director/a			
Código do centro		Enderezo	
Localidade	C.P.	Concello	Provincia
Teléfono	Fax	E-mail	

DATOS DO ALUMNO/A

Nome e apelidos do alumno			Data nacemento (dd/mm/aa)		
Sexo: masculino ☐ feminino ☐ Tarxeta sanitaria					
Nomes dos pais ou titores legais					
Enderezo					
Localidade		C.P.	Concello	Provincia	
Teléfonos de contacto: - domicilio: - traballo:					
Patoloxías (Sinala cun X)	Alerxia (*) alimentaria ☐	Shock Anafiláctico ☐	Diabetes/ Hipoglicemia ☐	Epilepsia ☐	Outras (*) ☐
Observacións (*especificuese)					

Autorizo expresamente que unha copia desta solicitude quede custodiada no centro escolar e sexa empregada polo persoal dependente do mesmo para o cumprimento dos fins do programa ALERTA ESCOLAR, de acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal
Este formulario debe ir acompañado do informe médico.

..... de de 200_

Asinado: Pai/nai ou titor legal.

De conformidade coa Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmaselle que os seus datos persoais serán incorporados a un ficheiro de titularidade da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, autorizando a esta ao tratamento dos mesmos no desenvolvemento das súas funcións legalmente atribuídas. Poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, no seu caso, oposición, enviando unha solicitude por escrito á Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, Edificio Usos Múltiples San Marcos, Santiago de Compostela. Igualmente, infórmaselle que a copia custodiada no centro escolar será incorporada a un ficheiro non automatizado titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, autorizando a esta a ao tratamento da mesma no desenvolvemento das súas funcións legalmente atribuídas e para os fins propios do programa ALERTA ESCOLAR. Respecto aos datos contidos na mesma, poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, no seu caso, oposición, enviando unha solicitude por escrito á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Edificio Administrativo San Caetano, C.P. 15781, Santiago de Compostela.

Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061.
Edificio Usos Múltiples San Marcos, Santiago de Compostela.

Formulario de inscripción En Alerta Escolar

Compromisos (Sanidade)

Envío de un **mail informativo a tódolos pediatras** da Comunidade Autónoma que reflexe a posta en marcha do Programa “Alerta Escolar”, o seu sentido e significado.

Elaboración dunhas **recomendacións xerais e guías de actuación** de uso fácil e de rápida aplicación que lle servirá ao profesorado para recoñecer o cadro clínico das patoloxías incluídas no Programa “Alerta Escolar”, como paso previo ao de solicitar asistencia sanitaria a través do número de teléfono 061.

Elaboración de **carteis informativos do Programa “Alerta Escolar”**, que serán expostos nos centros, así como de **dípticos dirixidos aos pais/nais**, nos que se lle informa de todo o relativo ao desenvolvemento do Programa. Ambos en número suficiente como para garantir a súa adecuada difusión

De común acordo coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través do Programa de Formación do Profesorado para o curso 2007/08, levar a cabo un **plano de formación sobre soporte vital, RCP e primeiros auxilios nos centros**. Será impartido por persoal sanitario cualificado e cada actividade terá unha duración mínima de 10 horas.

Compromisos (Educación)

Envío de un mail informativo a tódolos centros educativos, e “colgando” esta información no portal educativo da Consellería de Educación.

Distribución á rede de centros educativos da Comunidade Autónoma dos carteis, dípticos (para pais/nais) e trípticos (para profesorado) elaborados conxuntamente coa Consellería de Sanidade-Fundación Urxencias Sanitarias 061

Desde os centros educativos, distribución aos pais/nais e titores, durante o proceso de admisión do alumnado, da información e documentación necesaria para incluír aos seus fillos e fillas, de se-lo caso, no Programa “Alerta Escolar”

Creación dun **ficheiro**, de acordo coa Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro sobre Protección de Datos de Carácter Persoal, coa finalidade de conter a información máis relevante do alumnado incurso no Programa “Alerta Escolar”.

Inclusión no Programa de Formación do Profesorado para o curso 2007/08, a través dos CEFORES, dun curso deseñado e impartido por profesionais sanitarios, e destinado ao persoal docente.

Problemas detectados

- Algunos profesores desconocen la existencia del programa.
- Los centros deberían disponer de una **ficha médica** con información de los alumnos en el momento de formalizar la matrícula.
- Los **padres o tutores** deben colaborar, sin ocultar información.
- La **información debe fluir** y llegar a todas las personas implicadas:
 - Profesoras/es, sustitutos/as.
 - Personal de comedor, etc.
- Proteger la **confidencialidad**.